

### Eloy Rodríguez Carbia



Nado en Estramundi (Padrón), é funcionario de carreira da Xunta de Galicia. Diplomado en Maxisterio e licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, realizou estudos de Terceiro

Ciclo na mesma universidade, acadando a Diplomatura en Estudos Avanzados en Arqueoloxía e Historia da Antigüidade. É autor das publicacións *O rueiro histórico de Padrón* (2002) e *Os monumentos e a etnografía de Padrón a través da Historia* (2002) e coautor das seguintes publicacións: *Cartas de Privilexio e Franqueza da Monarquía á Vila de Padrón (séculos XII ao XVIII)* (2003) e *O castigo nunha escola de gramática da Vila de Padrón en 1790*, separata na revista do Museo de Pontevedra (2003). Tamén é autor da guía turística *Padrón, Berce do Xacobeo* (2009), da *Guía da Hostalaría de Padrón* (2009) e dos catro roteiros turísticos da Vila de Padrón: *O camiño da Traslatio*, *O camiño da historia*, *O camiño literario* e *O camiño do románico* (2009). Amais de ser autor e comisario da exposición *Padrón, Os camiños da cultura* (2010), escribiu numerosos artigos históricos en diversas publicacións e participou como poñente en maio de 2009 no programa intensivo *Urbes Europeae* (Intervención: *Loci Sancti Jacobi* en Padrón).

OS SONS DO POBO BANDAS DE MÚSICA NAS TERRAS DE IRIA | ELOY RODRÍGUEZ CARBIA

# OS SONS DO POBO

## BANDAS DE MÚSICA NAS TERRAS DE IRIA



ELOY RODRÍGUEZ CARBIA

Esta publicación conta coa colaboración do Concello de Padrón, da Deputación Provincial da Coruña e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

# OS SONS DO POBO

BANDAS DE MÚSICA NAS TERRAS DE IRIA

ELOY RODRÍGUEZ CARBIA

*Unha homenaxe a tódolos músicos que coa súa afección, entrega, compromiso e dedicación ao longo dos 161 anos de historia fixeron posible, coa colaboración de persoas e institucións, que a nosa Banda de Música continúe hoxe en día a deleitarnos e enchernos de orgullo coa interpretación das partituras, aló onde actúe.*

Edición: Concello de Padrón

Impresión: Deputación Provincial da Coruña

Colaboración: Secretaría Xeral de Política Lingüística

Deseño e maquetación: wecom Consultora de Comunicación e Relacións Públicas

Depósito Legal: C 1693 - 2018

Este libro non poderá ser reproducido, nin total nin parcialmente, calquera que for o medio empregado, sen a autorización do autor.

# Índice

<b>1. PRÓLOGO</b> .....	<b>8</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>10</b>
<b>3. AS BANDAS DE MÚSICA DE LESTROBE</b> .....	<b>12</b>
A Banda de Música dos Silleiros (1857-1947)	
A Banda de Música de don Ángel Balado, "Anxeliño Balado" (1890?-1920?)	
A Banda de Música do Carrandán (?-1955)	
A integración das bandas de música de Lestrobe na Banda Municipal de Padrón (1947-1955)	
As comparsas do entroido padronés (1908-1936)	
Lestrobe: a música como referente	
<b>4. HISTORIA DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE PADRÓN</b> .....	<b>26</b>
A Banda de Música de Afeccionados de Padrón (1888-1891)	
Director: don Víctor González	
A Banda de Música de Afeccionados de Padrón (1891)	
Director: don Gerardo Castro	
A Banda de Música Rosalía de Castro ou Banda dos Forxán (1888-1950)	
Director: don Ramón Manuel Benito Forján Ojeros	
Emblema da Banda de Música de Padrón	
Actuacións da Banda de Música Rosalía de Castro nos xornais da época (1889-1927)	
A Banda de Música nas actas plenarias	
Reorganización da Banda de Música Municipal en 1932	
Actuacións da Banda de Música Rosalía de Castro nos xornais da época (1928-1939)	
Recoñecemento de servizos prestados a don Ramón Manuel Benito Forján Ojeros (1933)	
Unha arraigada tradición festeira	
O palco da música de Padrón	
A Banda de Música de Padrón (1948-24/02/1949)	
Director: don Higinio Cambeses Carrera	
Os locais de ensaio da Banda de Música Municipal de Padrón	

Actuacións da Banda de Música de Padrón nos xornais da época (1948)	
A Banda de Música Municipal de Padrón	
Director: don José Pena (1949)	
Director: don Francisco Rodríguez (1950)	
Director: don Joaquín Montañés (1951-1954)	
A Banda de Música Municipal de Padrón (1954 - 1979)	
Director don Tomás Beteta Yarza	
A Banda de Música nas actas plenarias	
Actuacións da Banda de Música Municipal de Padrón nos xornais da época (1956-1969)	
A Banda de Música Municipal de Padrón (1982-1992)	
Director don Ricardo Noya Vidal	
Unha etapa problemática (1994-1996): Conflito na Banda de Música Municipal de Padrón (1994)	
Coexistencia de dúas Bandas: a Banda de Música Municipal de Padrón e a Banda da Escola de Música (1994-2001)	
A Banda de Música Municipal de Padrón (1995-2000)	
Director: don Carlos Seráns Olveira	
A Banda da Escola de Música Rosalía de Castro (febreiro 1996-xaneiro 1997)	
Director: don Ernesto Beteta Garmendia	
A Banda da Escola de Música Rosalía de Castro (1997-2008)	
Director: don Manuel Ángel Sobral Rial	
A Banda de Música Municipal de Padrón (2008-actualidade)	
Director: don Braulio Cao Ledo	
<b>5. LIÑAS DE INVESTIGACIÓN</b> .....	<b>64</b>
<b>6. RECOÑECIMENTO A TÓDOLOS MÚSICOS</b> .....	<b>65</b>
<b>7. BIBLIOGRAFÍA</b> .....	<b>66</b>
<b>8. AGRADECIMENTOS</b> .....	<b>69</b>

## Prólogo

En toda Galicia, e Padrón non é unha excepción, as bandas de música constitúen unha das manifestacións artísticas máis sobranceiras do noso patrimonio histórico e cultural e da nosa propia identidade como pobo.

Valéndose da afección e da paixón particular de centos de padronesas e padroneses por unha linguaxe universal como é a música, desde hai xa máis dun século estas formacións acabaron por converterse en testemuños privilexiados e en convidados preferentes dos actos máis importantes da nosa historia recente. Abofé, non hai evento institucional, celebración oficial ou festa de certa relevancia e solemnidade que non estea amenizada polas notas dunha banda de música.

Por iso, é de agradecer que haxa persoas como Eloy Rodríguez Carbia, coa inquietude e a sensibilidade necesarias e suficientes para, dunha forma totalmente altruísta, decidir adicar boa parte do seu tempo a rescatar das lagoas do esquecemento unha parte tan importante da nosa memoria colectiva.

Basta repasar con atención calquera apartado deste libro para decatarse do minucioso labor de investigación e documentación que hai detrás destas páxinas: centos de nomes, ducias de fotografías, un laberinto de datas e multitude de referencias hemerográficas, bibliográficas e anécdotas conforman un excelente traballo, practicamente artesanal, que estou plenamente convencido que será acollido con gratitude pola cidadanía de Padrón e que servirá no futuro de fonte de inspiración e consulta para sucesivos estudos relacionados coa relevancia da música nestas nosas Terras de Iría.

O meu desexo como alcalde e como padronés é que sexan moitas as persoas que adiquen uns intres a ler este libro co mesmo agarimo e entusiasmo que estou seguro que puxo o autor, tanto durante o proceso de recompilación da información como na preparación e redacción da obra resultante. Alomenos esa é a ilusión coa que desde o Concello de Padrón, e nomeadamente desde a Alcaldía e a Concellería de Cultura que dirixe Lorena Couso Dopazo, asumimos o compromiso de axudar a darlle forma a esta publicación, nada máis ter coñecemento da súa existencia.

Quero, por último, agradecer a xenerosidade de Eloy Rodríguez Carbia, non só polos milleiros de horas dedicadas ao estudo concienzudo e rigoroso da nosa historia, senón tamén pola súa decisión desinteresada de cederlle ao Concello de Padrón os dereitos deste libro. Con esa cesión, o Concello de Padrón pasa a ser o depositario do coñecemento recollido nesta obra e, en consecuencia, deberá seguir colaborando na tarefa de sementar os valores e saberes que dela se desprenden para contribuír, desde a recuperación e posta en valor da nosa historia e da nosa cultura, á conquista dun futuro mellor. Ese é o noso anxeio.

Antonio Fernández Angueira

**Alcalde de Padrón**

## Introdución

Nas Terras de Iria, de tan fonda pegada cultural, a música ocupou un lugar destacado como manifestación creativa, estética e emotiva dos silencios, melodías e ritmos instrumentais acompañados.

A tradición musical ten unha longa traxectoria, que respondería a unha ampla demanda das clases populares e da burguesía comercial, focalizada na vila de Padrón e na eclesiástica e fabril Iria Flavia, á que temos que engadirlle a Administración Local, que non podía ser allea pola cantidade de actos oficiais e lúdicos que se celebraban ao longo de cada ano.

Non é estraño, pois, que xurdan ao longo do século XIX un amplo elenco de músicos, os denominados precursores, como o guitarrista Daniel Paz; Adolfo Cardama, creador de varias muiñeiras; o gaiteiro compositor Clemente Eiras; Joaquín Forján Ojeros e os seus irmáns Manuel e Benito, que compuxeron música popular galega; Fernando Forján, creador do himno do Flavia; Manuel Sandiás Rioboo, mestre do harmonio e creador de partituras, cantatas relixiosas e populares; o cantor de Iria, don José Sánchez; o médico padronés Manuel Carballido, letrista; Juan Vigo, compositor da música das murgas, de fonda tradición na vila; e Fortunato Cruces, creador de letras para composicións musicadas. Todos estes precursores servirán de facho guía tanto na súa época coma ás xeracións vindeiras.

A finais do século XIX, nas vilas importantes de Galicia, e Padrón non podía ser menos, proliferan as artes musicais e aparecen as primeiras Bandas de Música de afeccionados, que, co tempo, fusionaríanse e crearían agrupacións musicais de maior número, que interpretarían un amplo repertorio musical.

Estas Bandas de Música coñeceríanse polo nome do seu fundador: no caso de Padrón, a Banda de Víctor González, a Banda dos Forxáns, e no lugar de Lestrobe, Concello de Dodro, as Bandas de Anxeliño Balado, Carrandán ou Silleiro. Co tempo, á Banda de Padrón engaderíase o de Municipal pola relación co Concello, ao participar nos actos oficiais que se celebraban: Banda Municipal Rosalía de Castro e Banda Municipal de Padrón, cunha relación contratual que se materializaba na sinatura dun convenio ou no abono de facturas por actuación.

Os músicos das diferentes agrupacións eran persoas do pobo, con inquietudes musicais que alternaban as ocupacións laborais coa afección pola música. Músicos dos diferentes lugares das Terras de Iria: de Dodro, Padrón, Rois, Cesures e Valga, en épocas máis recentes estendeuse o radio de acción a Catoira e Rianxo.

O obxectivo deste estudo é mergullar no pasado para sacar á luz as orixes e a traxectoria das Bandas de Música de Lestrobe e Padrón, reivindicando un espírito cultural tan arraigado e dotado dunha sensibilidade única, especial en tódolos aspectos: histórico, cultural, literario e, por suposto, musical das súas xentes, que co seu labor fixeron posible a pervivencia e o gusto pola música das bandas.

Padrón, xaneiro de 2018

**Eloy Rodríguez Carbia**

## As bandas de música de Lestrobe

O lugar de Lestrobe, no Concello de Dodro, é terra de músicos. A mediados do século XIX nacen varias agrupacións musicais: a Banda de Música dos Silleiro, a Banda de Música de Anxeliño Balado e a Banda de Música do Carrandán. O porqué desta tradición musical nun lugar concreto e nun municipio rural como era o de Dodro, onde a maior parte da súa veciñanza vivía dunha economía agrícola de autoconsumo, cunha forte emigración a América, pode ter varias explicacións: os que non emprenderon o camiño da diáspora foron barbeiros ou músicos; outra das razóns que o poden explicar é unha especial sensibilidade dos lestrobeños polos acordes musicais e o mantemento dunha tradición familiar transmitida de pais a fillos, de xeito que era frecuente que nunha mesma unidade familiar existisen varios músicos.

Ese interese permitiríalles, aparte de desfrutar da súa afección, disporen duns recursos económicos extra cos que colaborar ao sustento persoal e das súas familias.

A proximidade e a vinculación dos lestrobeños coa vila padronesa permitiu tamén o desenvolvemento musical. Padrón e Iria Flavia celebraban ao longo do ano numerosos actos oficiais civís e festas de índole relixiosa e a demanda de músicos para amenizalos contribuíu ao nacemento de pequenas agrupacións musicais denominadas bandas ou comparsas.

### A Banda de Música do Silleiro (1857-1947)

Jesús Fernández Citoula funda en 1857 unha agrupación musical no lugar de Lestrobe (Dodro) para amenizar os actos festivos que se celebraban nos arredores. A Jesús sucedeuno á fronte da agrupación o seu fillo Ramón Fernández Vigo, que tocaba o bombardino e marchou de polisón nun barco para Cuba. Ao ser descuberto, dixo que era músico e facilitáronlle un trombón co que amenizou a pasaxe. Xa na illa, formou parte da banda militar. Aforrados uns pesos, regresa a Lestrobe<sup>1</sup> e ocúpase da dirección da agrupación que fundara seu pai. A Ramón sucedeuno na dirección o seu fillo, Juan Fernández Cela, que tamén tocaba o bombardino.



<sup>1</sup>Iglesias Alvarellos, E. *Bandas de Música de Galicia*, pp 136-138



## A Banda de Música de don Ángel Balado “Anxeliño Balado” (1890?-1920?)

Escribía Borobó que Carmen Romero Mariño lle dixera que seu pai era labrador e músico, tocaba o baixo e que ía polas aldeas formando parte da Banda de Anxeliño Balado, natural de Dodro, quen foi director moitos anos dunha banda de música nas primeiras décadas do século e autor da partitura da alborada “Vaite Noite” para banda, que lla oíra tocar á gaita ao seu creador (Clemente Eiras); de aí que se conserve como se compuxo. Anxeliño dedicoulle o orixinal ao capelán e sochantre da ex-colexiata de Iria Flavia don José Sánchez Vázquez, natural de Rianxo (1877), que posuía unha excelente voz e tiña cualidades para ser un excelente cantor de ópera, coñecido como “reiseñor de Iria” e finado en 1939.

Descoñezo cando se fundou a Banda de Música de Anxeliño Balado, pero en 1896 xa existía como tal agrupación. Os programas de man que editara El Eco de Santiago para os entroidos de 1908 e 1915 permítennos identificar algún dos compoñentes da agrupación musical, entre os que se atopaban Campios Torres, Manuel Torres, José Vigo Torres e José B. Romero, Domingo Solar e Francisco Rey Domínguez, Ramón Rodríguez e A. Tarela.



## Actuacións da Banda de Anxeliño Balado nos xornais da época

En data de 16 de xuño de 1896, o xornal “El Eco de Santiago” informaba que, con motivo da festividade do Sagrado Corazón de Xesús, pola tarde celebrouse unha procesión que pechaba a Banda de Música de Lestrobe, que con acerto dirixía o señor don Ángel Balado e na que se apreciaban grandes adiantos na interpretación.

O 22 de maio de 1897, “El Eco de Santiago” informaba que a Banda de Música de Padrón, con motivo da celebración do San Mauro na Vila de Negreira, amenizaría os festexos nos que tocaría escollidas pezas do seu repertorio e ás cinco da tarde, no campo da capela, a citada banda, xunto coas gaitas do país, amenizarían o baile.

O 5 de agosto de 1897 contratouse unha Banda de Música de Padrón para amenizar os festexos da Vila de Carril: “una bien afinada banda que de Padrón ha sido contratada, durante los días de las fiestas para contribuir a su mejor éxito, dejó oír las más escogidas piezas de su repertorio, no sólo en los paseos, sino también en las iluminaciones, regatas y dianas”.



## A Banda de Música do Carrandán (?-1955)

José Vigo Rodríguez (Carrandán "O vello") a finais do século XIX constitúe unha agrupación musical no lugar de Lestrobe, que se denominará a Banda de Carrandán. Esta banda vai acadar máis sona cá dos Silleiro. O local de ensaio da agrupación era a casa do señor Juan Carrandán "O vello", no medio da aldea do lugar de Lestrobe. Actuará nas numerosas festas que se celebran na contorna: na Pascua de Padrón, en Santiago de Compostela, en Ortoño, en Bugallido e no San Brais.

A José sucedeuno á fronte da agrupación o seu fillo Juan Vigo Garabal (Carrandán), quen en 1955 integrouse na Banda Municipal de Padrón, que dirixía don Tomás Beteta Yarza, pasando a ocupar o posto de subdirector.



Foto da Banda do Carrandán fronte ao pazo de Lestrobe (Dodro), nas festas en loanza da Virxe dos Aflixidos



Foto da Banda do Carrandán no lugar de Lestrobe, co seu director, don Juan Vigo Garabal "Carrandán", en primeiro termo



**Compoñentes:** primeira ringleira, comezando por arriba e de esquerda a dereita, Juan Janeiro, Moncho "Jerocho", Francisco Dopazo "Paco o Caja", Paveiro, José Guillán, Lito "Gaitero" e Ramón "Angueiro"; na segunda ringleira, de esquerda a dereita, Juan Cardama "Rabalisa", Paco San Luís, Reperto Neira, Evaristo, Eduardo "Cadamo" e Manolo "Acordeón"; na terceira ringleira, de esquerda a dereita, Juan Carrandán "O vello", Joaquín "Topete", "Palacho", Joaquín Mourelle, Juan Vigo Garabal "Carrandán" (director), Avelino Mourelle, Pepito "O Caja", Moncho "Jorecho" e Pepe Janeiro, "Panarra"; e na cuarta ringleira, de esquerda a dereita, Manolo "Gaitero", Daniel Gil, Eladio "Tamuche", José Moreiras Boga "O Baldrás", "Molete", Juan Laureano, Celestino e Emilio Gil Vigo "Tamuche"

## A integración das bandas de música de Lestrobe na Banda Municipal de Padrón (1947-1955)

O alcalde de Padrón, don Ramón Pazos Giménez<sup>2</sup>, tiña especial interese en que Padrón dispuxera dunha gran Banda de Música; para elo iniciou contactos con Juan Fernández Cela, director da Banda do Silleiro, de Lestrobe (Dodro), e con José Vigo, director da Banda do Carrandán, na procura da integración destas bandas na Banda Municipal de Padrón.

A Banda do Silleiro, que dirixía don Juan Fernández, aceptou o ofrecemento e integrouse en 1947. A Banda do Carrandán declinou a integración por motivos diversos. A partires deste momento a Banda do Carrandán pasou a denominarse Banda de Música Rosalía de Castro.

No ano 1955 xurdiron desavenencias entre don Tomás Beteta e don Juan Fernández (Silleiro); o detonante foi que don Juan Fernández marchou tocar cun grupo de músicos a Bastavales, cando ese día a Municipal de Padrón tiña concerto na Vila. Don Tomás recriminoulo e Silleiro abandonou ou cesárono na agrupación.

Unha vez que deixa de pertencer á Municipal de Padrón, nos vindeiros meses e tras numerosos contactos, límanse as diferenzas con Juan Vigo "Carrandán", que dirixía a Banda Rosalía de Castro, coa finalidade de integrala na Banda Municipal; ao final chégase a acordo e a partires de entón pasaría a ser subdirector da Banda Municipal de Padrón baixo a dirección de don Tomás Beteta Yarza.

<sup>2</sup>Alcalde de Padrón desde o 5 de agosto de 1940 ata o 1 de outubro de 1973. Nomeado Fillo Predilecto o 8 de xullo de 1950.

## As comparsas do entroido padronés (1908-1936)

O entroido padronés era unha cita obrigada para as comparsas de Padrón e dos arredores. En 1908, en Lestrobe fundouse a comparsa *La Baraja*, dirixida por Anxeliño Balado e xestionada por unha comisión integrada por Adolfo Cardama Cortés, Ramón Suárez e Francisco Vázquez Torres. O director era don Ángel Balado e os músicos que a compuñan eran Avelino Baleirón, Campios Torres, Manuel Torres, José Vigo Torres e José B. Romero, Domingo Solar e Francisco Rey Domínguez. A comparsa posuía tamén uns socios, que eran Pedro Ares, Ramón Romero Abelleira, Amadeo Lestido Castro, Agustín Diz Romero, Avelino Abelleira, Daniel Serramito, Eduardo Vigo Soñora, Eduardo Méndez, Francisco Cristobo Castro, Segundo Angueira, Ventura Angueira, José Romero Ramos, Aurelio Varela, Leonardo Rodríguez Tourís, José Cristobo Castro, José Castro Gens, Andrés Vigo Barreiro, Ramón González, Fortunato Lorenzo Cruces, Domingo Boga, Francisco Otero, Leandro Boga Mosquera, Juan Boga, Juan Janeiro, José Mariño Rodríguez, José Caamaño, Manuel Angueira Garea, Manuel Angueira Méndez, José Varela, Leopoldo Lorenzo e Domingo Boga Castro.

A comparsa interpretaría nese entroido as seguintes pezas: unha xota, unha ruada, un vals e unha danza, composicións comúns no repertorio de tódalas agrupacións, que maioritariamente se interpretaban en lingua castelá, aínda que algunhas delas empregaban o galego.

No entroido de 1915, a comparsa de Anxeliño Balado denominouse *Hijos de Lestrove* e integrábase os seguintes músicos: Domingo Solar, José B. Romero, Campios Torres, Ramón Rodríguez, A. Tarela, Manuel Torres, José Vigo Torres e un coro de trinta e unha voces (Gerardo Angueira, Alejandro Boga, José Pérez, Francisco Baleirón, Rogelio Boga, Ramón Mariño, José Cristobo, Santiago Boga, Manuel Angueira, Ramón Angueira, Manuel Boga, Ramón Suárez Pérez, Santiago Álvarez, Avelino Abelleira, Pedro Ares, Ramón Abelleira, Manuel Romero, Ramón Angueira, Daniel Serramito, Modesto Vigo, Santiago Cristobo, Manuel Tubío, Ramón Cristobo, José Pérez, Nicolás Fabeiro, José Janeiro, Francisco Vázquez, Camilo Lorenzo e Castor Ares.

Os participantes interpretaban un programa musical que posuía unha pauta determinada: un coro cantaba unha composición poética

acompañado por uns músicos que interpretaban a partitura. Ruadas, danzas, xotas, valeses, rumbas e mazurcas eran as composicións máis frecuentes. Cada comparsa normalmente interpretaba tres temas. A temática das composicións era variada: podían ser de carácter amoroso, temas de actualidade, relativas á diversión e á exaltación do entroido e dos produtos típicos, asuntos cómicos ou relativos ao xogo, exaltación da xuventude, crítica dos taberneiros ou das autoridades municipais polo mal estado de camiños ou das fontes, ou outras actuacións. A maioría dos letristas eran anónimos e agochábanse tras un pseudónimo, pero tamén habíaos con moita sona, que asinaban as súas composicións; tal era o caso do doutor Carballido<sup>3</sup>, Francisco Dios Bugallo da Ponte, Ángel Doce e Remigio Llerena en Pontecesures e B. Suárez de Calo. O compositor máis famoso foi don Juan Vigo “Carrandán”, de Lestrove.

Comparsas famosas, aparte das dúas lestrokeñas, foron El Arco Iris de Estramundi (1910), Los Astros Turistas de Pontecesures (1910), Los Nuevos Murguistas de Padrón (1933), La Cuadrilla de los Niños de Padrón (1934), Os Troneras de Laraño, Santiago (1935), Reunión Artística de Calo, Teo (1935), Los Arlequines, Padrón (1935), La Rumba Negra, Padrón (1935), Los Apaches del Amor, Cesures (1935), Los Soldados que Luchan por la Patria, A Ponte (1936), Los Mozos Rondadores, Cesures (1936), Los Astros, Padrón (1936), e Los Habitantes de Marte, Padrón (1936).

A partir de 1936 prohibíronse as comparsas e desapareceu a tradición do entroido padronés, que tanta sona tivera, incluso máis alá das Terras del ría.

Como mostra desas composicións reproducimos as letras da comparsa lestrokeña *La Baraja de Anxeliño Balado* (1908) e da comparsa “El Arco Iris” de Estramundi (1910).

<sup>3</sup>Carballido García, Manuel (Santiago Compostela, 1858- Padrón, 1935), médico, profesor axudante da Facultade de Medicina da USC, xornalista galego. Exerceu como médico en Padrón. Foi o primeiro director da revista *Café con Gotas*.

## RUADA

Pueblo de Lestrove  
donde yo he nacido,  
aires de mi tierra,  
suelo el más querido.  
Yo no sé qué tiene  
el rincón bendito,  
que no encuentro otro  
como él tan bonito!  
¡Cuántas añoranzas  
trae al lestrokeño!  
El pensar que dejé  
por otro su pueblo,  
cuna de recuerdos,  
de afectos y amores,  
gratas alegrías  
de tiempos mejores,  
que a vuestra belleza  
rendidos quedamos  
y en alegres cantos  
sólo amor cantamos.  
Que ante hechizos tales  
nadie dudar puede  
que hoy el de Lestrove  
admirado quede.  
Y así dos cariños  
tendrá el corazón,  
uno el de Lestrove  
otro el de Padrón.

## DANZA

Vuestros hechizos, bellas mujeres,  
que nos trae brindando amor  
que encantos tales nadie los tiene  
más que vosotras en la Región.  
Eso fue causa que de Lestrove  
aquí llegamos hoy a cantar  
y son dichosos los que cantando  
si una mirada pueden lograr.

Los hijos de Lestrove  
hoy llegamos aquí  
que lejos de vosotras  
no podemos vivir.  
No pedimos cariño,  
porque no lo daréis,  
pedimos que un momento  
contemplaros dejéis.

Y vuestra fama es notoria  
de belleza y es mundial  
que no existe otra hermosura  
que cual la vuestra no lo hay.  
Dejadnos breves instantes  
os contemplemos en el balcón  
y con sonrisas y con miradas  
premiéis vosotras nuestra canción.

Que sólo con miradas  
satisfechos irán  
los hijos de Lestrove  
que cantando os están.  
Más queriendo vosotras  
pedimos mucho más,  
halagos y cariños  
amores además.

**XOTA**

La cantora de Galicia  
que en este rincón vivió  
en sus cantares gallegos  
a Lestrove así cantó:  
"Como chove miudiño  
como miudiño chove  
polas brañas de Laiño  
polas veigas de Lestrove".

Viva la cantora  
de nuestras campiñas  
de nuestras costumbres  
de nuestra terriña.

Viva Rosalía  
la insigne cantora  
que en cantigas bellas  
nos dio honor y gloria.

Y si ella así cantando  
a Lestrove nombre dio  
es justo que a tales cantos  
responda nuestra canción.

Canción nacida del alma  
tributo de admiración  
que le rinde entusiasmada  
esta humilde agrupación.

Aplausos y hurras  
darle a Rosalía  
la eterna entusiasta  
de nuestra Galicia.

¡Viva la cantora!  
¡Viva el ruiseñor!  
que encantos gallegos  
tal nombre nos dio.

Pueblo que a los suyos honra  
se honra a sí propio también  
de no hacerle monumento  
su recuerdo es un deber.

Por eso los de Lestrove  
no se pueden olvidar  
de la cantora gallega  
más grande y más popular.

Por eso es Rosalía  
por hoy la mejor  
que dio en sus cantares  
nombre a la Región.

Porque otra cantora  
como ella no hay  
ni más entusiasta  
ni más popular.

**VALS**

Quien tiene gratitud  
nunca se olvidará  
del amigo que ausente  
en América está.  
Que en días de alegrías  
debemos recordar  
al hijo de Lestrove  
que está allá del mar.  
Y con nuestras canciones  
mandarles mil abrazos  
sinceros, calurosos  
que estrechen nuestros lazos.  
Y que sea para ellos  
nuestro canto de amor  
porque aquí no tenemos  
otra cosa mejor.  
Y así los de Lestrove  
cifran hoy sus esperanzas  
que el viento llevará América  
mil gratas añoranzas.  
Que allá nuestros amigos  
que nos recuerdan tanto  
sabrán le dedicamos  
alegres este canto.  
Que grato les será  
a amigos tan queridos  
saber que los de aquí  
le están agradecidos.  
Que a América mandamos  
en forma de canción  
la inmensa gratitud  
de nuestro corazón.

**COMPARSA EL ARCO IRIS DE  
ESTRAMUNDI, ENTROIDO DE 1910****RUADA**

Nada temáis de este arco iris  
porque de lluvia no es percursor.  
Sobre vosotras, hermosas niñas  
solo derraman lluvia y amor.

Arco da bella llaman al otro,  
arco de amores debéis nombrar  
al que formando vamos nosotros  
pues solo amores sabemos dar.

-----  
Eramos nubes (b) que en el espacio  
se dirigían a otra región,  
pero al miraros, lindas mujeres,  
el arco iris queda en Padrón.

Por las miradas de vuestros ojos,  
que al sol ocultan con su fulgor,  
formamos todos el arco iris,  
niñas bonitas, en vuestro honor.

## Lestrobe: a música como referente

Poucos lugares posúen unha tradición musical tan arraigada como o lugar de Lestrobe, no Concello de Dodro. Esa afección polo pentagrama transmitiuse familiarmente de pais a fillos e non era estraño que nunha mesma familia houbera varios músicos. Lestrobe é referente musical. Desde estas páxinas quero render unha pequena e sinxela homenaxe a todos aqueles músicos que fixeron posible que nos sintamos orgullosos desa tradición de bandas nas Terras de Iria.



Compoñentes da Banda de Música Municipal de Padrón, todos eles naturais do lugar de Lestrobe, arredor do ano 1975, con motivo da inauguración da escola do lugar e celebración do Día da Árbore

## RUADA

Baixando "O Rueiro"  
 polo camiño de Lanuxe...  
 ...vella Banda de Música  
 José Vigo Carrandán, rúa arriba...  
 José Vigo Carrandán, rúa abaixo...  
 Enchendo de antano  
 as rúas da miña aldeña  
 coa súa música, e poesía...  
 "Bailarían todas as almas  
 e os hórreos, e as follas das parras,  
 rapazas namoradas  
 e mozos cumprindo mili..."

Danzarían as velliñas  
 ás portas das súas casas,  
 E nenos... e ata galiñas,  
 cans, porcos e pombas...  
 ¡Por os rueiros apretados  
 Do meu Lestrobe da alma!  
 Quen os puidera hoxe ollar  
 de plena, na súa algarabía

Fernando Castaño



De esquerda a dereita: Juan Janeiro, Santiago Janeiro, Fernando Janeiro, Eugenio Janeiro, José Moreiras "Baldrás", Jose Angueiro, Ramón "O Coco", Jesús "O Coco", Juan Vigo Garabal, diante coa caixa Jesús Fernández "Picadizo", José Janeiro e Juan Carrandán "O vello"



## Historia da Banda de Música Municipal de Padrón (1888?-2018)

A idea de ter unha banda de música respondía a unha necesidade de contar cunha agrupación musical que amenizase os actos festivos populares que se celebraban no municipio, así como os actos oficiais nos que participaba a corporación.

O proxecto de formalala tivo varias iniciativas de escaso percorrido, que por unha razón ou outra tiveron unha existencia efémera.

### A Banda de Música de Afeccionados de Padrón (1888?-1891)

Director: don Víctor González

Arredor de 1888, o profesor Víctor González converteuse en director da primeira Banda de Música de Padrón.

Nun artigo asinado por Pinta Cristos publicado na Gaceta de Galicia, en data do 8 de agosto de 1888, dísenos que na condución das exequias de don Buenaventura Constante Pérez, ao que non querían soterrar e que tiveron que facelo por orde do xuíz Teodoro Artime, detrás do cortexo fúnebre ía a música do pobo tocando unha marcha fúnebre.

Na acta da sesión plenaria celebrada o 8 de xuño de 1891, consta un pagamento que se fixo a Víctor González, director da Banda de Afeccionados da Vila, pola súa asistencia á procesión do Corpus por un importe de oitenta e cinco pesetas, que se librarían a cargo do capítulo de imprevistos, ata que se esgotase o crédito que figuraba no orzamento para funcións e festexos.

Na edición do 9 de agosto de 1891 do semanario independente *El Regenerador Padronés*<sup>4</sup>, o correspondente que escribía co pseudónimo de P. Pico Oro manifestaba: “*Tiempo es de que se levante (Banda de Música Municipal de Padrón). Tuvo varios nacimientos y su muerte fue siempre desastrosa. La primera, dirigida por el inteligente profesor Víctor González, nació bajo los mejores auspicios y fue acogida y protegida por la población con entusiasmo febril, al poco tiempo sucumbió como sucumben todas las bellas ideas, cuando para llevarlas a efecto carecen de base sólida.*”

*Manifestar aquí prolíjamente las causas que condujeron a esta banda a su disolución sería tarea difícil y escabrosísima porque había de chocar con múltiples inconvenientes, empero todo el pueblo está enterado y muy al corriente de lo que ha acontecido”.*

Na sesión plenaria celebrada o 16 de maio de 1892, dáse conta da instancia que presentou Víctor González, na que manifestaba que como profesor de música e polo soldo que a corporación tivese a ben sinalarlle, comprometéase a organizar unha banda que nos días festivos amenizase os paseos, asistindo ademais a tódalas funcións que o Concello considerase; ensinaría tamén gratuitamente a un número de rapaces pobres que se determinase. O Concello, tendo presente que estaba feito e aprobado o orzamento que estaría vixente no seguinte exercicio, non atopou medio de acceder á solicitude do interesado e acordou desestimala.

As dúas bandas de afeccionados túrnanse nos actos oficiais que celebra o Concello. Na sesión plenaria do 20 de xuño de 1892, o Concello formaliza un pagamento con cargo ao capítulo de imprevistos a don Víctor González e a don Manuel Forján, directores das bandas de afeccionadas desta vila, pola súa asistencia ás procesións de San Xoán Anteportam Latinan (San Xoán do Raio), viático a presos e Corpus Christi, de cento vintecinco pesetas, que como gratificación dispón concederlles o Concello polo servizo indicado.

<sup>4</sup>El *Regenerador Padronés*, xornal de ámbito local do que se editaron 40 números, cuxo fundador e propietario foi don José Vázquez Batalla, dono da Torre de Hermida. O primeiro número saíu á luz o 8 de xuño de 1891 e o derradeiro número, o 39, o 28 de febreiro de 1892.

## A Banda de Música de Afeccionados de Padrón

Director: don Gerardo Castro (1891)

Será a partir de 1891 cando a banda dirixida ata ese momento polo profesor don Víctor González comece a ser dirixida polo seu discípulo don Gerardo Castro, segundo nos informa o citado semanario, alternando actuacións coa outra banda dirixida por Manuel Forján. A este respecto, di a edición do 9 de agosto de 1891 do semanario *El Regenerador Padronés*:

*“Sucedieron a esta banda dos murgas. Una dirigida por el discípulo de González, Gerardo Castro, y la otra por Manuel Forján. La primera llegó a conseguir en sus reiteradas ediciones, audiciones, muchos más aplausos pero tiempo después por causas que dejo olvidadas, comenzó la dispersión y la segunda contó con más tiempo de vida debido a las salidas a las aldeas, donde tanto tocaba su director el bombo como los platos, cuyo ruido es tan grato en las funciones de aldea. Sin tener los conocimientos musicales de Forján y porque se rodeó de un crecido número de ineptos músicos. El municipio padronés realizó un contrato con aquel mediante una subvención directa a fin de llevar a cabo la enseñanza gratis de los niños pobres y la formación de la petit Banda Municipal. Pasaron años y años y la organización de la citada banda no llegó a efectuarse y solamente en los días prefijados en el contrato recorrían las calles con desinaudito y un desdeño de arte que inutilizó a Beethoven, una desafinada murga. Por fin, como de tan deseado que, los ediles municipales, quizás instruidos por personas sensatas, comprendieron que esto era atacar la sensibilidad del oído y suprimieron esa plaza. Ahora bien: lo que hay que hacer es, que si se puede como Dios hizo con Adán, es fundir un aliento de vida a ese cuerpo nominado que se llama Banda. Su formación puede hoy más que nunca hacerse de una manera sencilla, subsidiándola el municipio como ya hizo con el señor González, para ello el articulista proponía que se suprimiera si aún non se hiciera la plaza de municipal, ya que el servicio de las calles no se resentiría por ello. Suprímase el alumbrado de Cesures y el de la casa del Procurador Quintela, que con cínico descaro ostenta en su casa. Póngase un personal nuevo en la Administración de consumos a fin de que no se cometan abusos por parte de ciertos infieles.*

*Acuérdese recurrir al pueblo para que esta unión del ayuntamiento preste su valioso concurso para comprar el instrumental necesario. Se den lecciones gratis a los hijos de los proletarios y como estímulo una gratificación mensual al discípulo que obtenga la nota de aplicado y estudioso. Nombrado el señor González, maestro director de la banda organizada, se hace mediante inventario cargo de que tocará cuando y donde crea el municipio más conveniente, ya que para los intereses de la banda y también para satisfacción del vecindario, que lamenta la indiferencia con que todas esas cosas son miradas por los encargados de la poderosa máquina municipal. Desecha pues esa marcada apatía y haga algo para que salgan de la inercia en que se hallan unos mal dirigidos músicos y vuelvan a alegrar el ambiente padronés los dulces acordes de una bien afinada Banda de Música. Una villa como Padrón no debe ni estar sin música, si se tienen en cuenta entre otras causas los magníficos y envidiables paseos que en la actualidad existen y que hacen sentir el vacío inmenso de una banda que amenice las horas de fiesta. A la obra, pues, unos y otros y la empresa será coronada del mejor éxito.*

P. Pico Oro

*Nada añadiremos a lo dicho mi compañero (di o editor do xornal local), creemos suficientemente mostrada por él la causa que ha expuesto y que nos priva de una Banda de Música como tiene Noya. Necesario era que su excitación tenga eco en los órganos auditivos de los diferentes padres de la Villa”.*



## A Banda de Música Rosalía de Castro ou Banda dos Forxán (1888-1950)

Director: don Ramón Manuel Benito Forján Ojeros

Natural da Trabanca de Abaixo, foi director da Banda Municipal Rosalía de Castro de 1889 a 1933. Os Forxán continuaron a saga musical da familia; os dous irmáns, Benito e Francisco, eran bos instrumentistas, tocaban francamente ben o clarinete e tamén o harmonio nas misas cantadas e tamén en cabodanos. O menor deles, Francisco, era quen acompañaba ao incomparable cantor de Iria, don José Sánchez, tío do poeta Manuel Antonio<sup>5</sup>.

Dicía don José Piñeiro Ares, cronista oficial da vila de Pontecesures, que don Benito Ojeros, atezado pola artrite, dirixía sentado a súa banda de música, como se observa na fotografía que engadimos deseguido, “empregando un expeditivo caxato a guisa de batuta<sup>6</sup>.” A tradición musical de Benito víñalle de familia, pois era neto do famoso gaitero padronés Clemente Eiras, que musicara a alborada “Vaite noite” dun poema da inmortal Rosalía de Castro, e posteriormente transcribirla o famoso músico Anxeliño Balado, que fora director durante moitos anos da banda de música que levaba o seu nome<sup>7</sup>, quen a reflicte nun pentagrama porque lla oírta tocar na gaita ao propio creador. Este é o motivo polo que se conserva a melodía tal e como a imprimira Clemente Eiras.

A saga musical dos Forján continuará cos fillos de Benito, Benito e Francisco Forxán, que foron excelentes músicos da Banda de Música de Santiago.

<sup>5</sup>Raimundo García Domínguez “Borobó”. “O novelo dos anacos e outros exemplos” (2000-2001). 2002, Universidade de Santiago

<sup>6</sup>Raimundo García Domínguez “Borobó”. “O novelo dos anacos e outros exemplos” (2000-2001). 2002, Universidade de Santiago

<sup>7</sup>Muños de Ferro, José. Art.: *Historia Musical Padronesa*. Libro da Pascua, abril de 1974



A primeira Banda Municipal Rosalía de Castro (1889-1933), coñecida tamén como a Banda dos Forxán; segundo nota manuscrita de don Camilo Agrasar Vidal<sup>8</sup>, a foto tomouse entre os anos 1927 e 1928. “Aquí vense moitos coñecidos, aparte dos músicos: Manolo Dopazo (Mariño), o señor Chuco Pajares, o señor Ventura Otero, Maximino Virulao, o señor Pepe Otero (Avillón) e outros. O lugar paréceme que na porta de Ramallo, na Antequera” (Concello de Rois)

## O emblema da Banda de Música de Padrón

O mestre prateiro-ouribe iriense don José García Paz realizou en 1921 o emblema da Banda de Música de Padrón, do que se conserva o cuño<sup>9</sup>. Nel represéntase o escudo municipal no medio dunha lira, rodeado por ramaxes de loureiro.



<sup>8</sup>Camilo Agrasar Vidal (Padrón 1907-1983), activista intelectual galego, custodio de que a memoria de Rosalía de Castro chegara a nós.

<sup>9</sup>M.<sup>a</sup> Dolores Ramos García.: *Iria Flavia* 2009, pp 51

## Actuacións da Banda de Música Rosalía de Castro nos xornais da época (1889-1927)

*La Gaceta de Galicia*, 22 de setembro de 1889: "En las fiestas de Santa Minia en Brión, la Banda de Música de Padrón, que dirige don Manuel Forján de Padrón, y varias gaitas del país amenizarán el campo inmediato a la capilla".

*La Gaceta de Galicia*, 8 de xullo de 1904: "El domingo se celebró en la parroquia de Bugallido la función dedicada a San Antonio y por la tarde se celebró un animado baile en el campo contiguo a la iglesia y que amenizó una Banda de Música de Padrón".

*La Gaceta de Galicia*, 6 de xullo de 1905: "El domingo día 2, con motivo de la celebración de la festividad del Sagrado Corazón en la parroquia de San Félix, se dio por finalizada la fiesta con unos números primorosamente interpretados por la Banda de Música de Padrón".

*El Correo Gallego*, 19 de setembro de 1905: "Con motivo de la llegada al lugar de los Ángeles, en el valle de la Mahía, el hijo de aquel país señor Ramos, que tiene el buen humor de demostrar su altruismo, invitando a comer a cuantos se sientan con buen apetito. Estos días celebró tres banquetes de cien comensales, amenizados con la Banda de Música de Padrón y disparándose muchas bombas".

*El Correo Gallego*, 13 de agosto de 1909: "Con motivo de la visita que el obispo titular de Fesca, Vicario Apostólico de Marruecos, acompañado de su secretario, del señor cura de Cesures y del señor maestro, al llegar al atrio la Banda de Música de Padrón, dirigida por don Manuel Forján, entonó la marcha real".

*Diario de Galicia*, 17 de agosto de 1909: "Con motivo de la celebración de las fiestas de Sar en Santiago, actuó la Banda de Música de Padrón, que dirige el maestro don Manuel Forján".

*Diario de Galicia*, 8 de agosto de 1915: "Con motivo de la fiesta de la Peregrina en Ames, en la espaciosa explanada que existe junto a dicha capilla y la casa solariega de los señores de Paramés, se organizará un animado baile que amenizará la Banda de Música de Padrón".

*Diario de Galicia*, 19 de setembro de 1916: "Con motivo de la fiesta de Bertamiráns, la Banda de Música de Padrón cerraba la procesión. A la terminación de estos actos y en la hermosa finca de los señores Cambón, fueron obsequiados los asistentes a la fiesta con un banquete. El distinguido funcionista sentó a su mesa a más de setenta comensales, entre los que estaban aristócratas familias de Madrid y Santiago, que veranean en los Ángeles y Bertamiráns. Amenizó el acto la banda de Padrón".

*Gaceta de Galicia*, 23 de marzo de 1917: "Se celebró el día 19 la fiesta que organiza en honor de San José, la respetable señora doña Teresa de la Maza. Don Manuel Forján acompañó la misa con el armonio. Y la fiesta fue amenizada por la Banda de Música de Padrón".

*El Compostelano*, 4 de xuño de 1924: "Con motivo de la celebración de la Asociación Hijas de María, establecida en la parroquia de Iria Flavia, se celebraron durante el mes de mayo solemnes cultos en honor a su Excelsa Patrona, rematando el 1 de junio con una procesión a la que acompañó la Banda de Música de Padrón".

*El Ideal Gallego*, 5 de xullo de 1921: "Se celebró con gran esplendor en Cesures la fiesta del Sagrado Corazón. A la procesión de esta tarde, que fue muy concurrida, asistió la Banda de Música de Padrón".

*El Ideal Gallego*, 8 de agosto de 1924: "Tendrán lugar el próximo domingo las fiestas en honor al Santísimo Cristo de la Luz, que se venera en la capilla situada en el lugar de Pazos, a dos kilómetros de la Esclavitud en la misma carretera. Las fiestas durarán tres días y las amenizará la Banda de Música de Padrón".

*El Compostelano*, 25 de abril de 1927: "La fiesta del árbol del municipio de Ames fue amenizada por la Banda de Música de Padrón".

*El Compostelano*, 4 de xuño de 1927: "En Bertamiráns, Ayuntamiento de Ames, con motivo de la celebración de la primera fiesta del árbol, actuó la Banda de Música de Padrón, que recorrió el pueblo ejecutando alegres dianas".

*El Herald Gallego*, 5 de xuño de 1927: "En Ames, con motivo de la fiesta del árbol, el acto fue amenizado por la Banda de Música de Padrón".

*El Pueblo Gallego*, 2 de setembro de 1927: “Fiestas en honor de Sta. Filomena. Amenizarán los festejos la Banda de Música de Padrón y gaitas del país”.

## A banda de música nas actas plenarias

En 1903 o Concello de Padrón aproba un pago a Manuel Forján por importe de 110 pesetas, cantidade á que ascenden os gastos da función do Corpus Christi, celebrada o 11 de xuño.

Na acta da sesión plenaria con data de 24 de febreiro de 1932 consta un pagamento pola cantidade de 150 pesetas con cargo á Intervención, realizado ao director da banda de música, por tocar o día 11 de febreiro con motivo do aniversario da primeira República.

Na sesión plenaria celebrada o 22 de maio de 1933 a Alcaldía acorda que, ao ser costume celebrar festa o día 15 dese mes, se contrate unha banda de música para ese día.

## Reorganización da Banda de Música Municipal en 1932

Na sesión supletoria do 7 de setembro de 1932 tomouse en consideración a exposición subscrita por don Ramón Manuel Benito Forján sobre a organización da Banda de Música Municipal e pasouse á Comisión de Facenda para o seu estudo e informe, de ser factible o proxecto, dentro das posibilidades económicas do orzamento deste Concello.

## Actuacións da Banda Rosalía de Castro nos xornais da época (1928-1939)

*El Compostelano*, 16 de xuño de 1928: “Con motivo da función sacramental que se celebrará mañana domingo en el santuario de la Esclavitud, se tiene previsto que haga su entrada a las siete de la mañana la Banda de Música de Padrón Rosalía de Castro, que dirige don Benito Forján. La banda dará también un concierto”.

*El Correo de Galicia*, 29 de xullo de 1928: “Con motivo de las fiestas del Sacramento de la Esclavitud, que se celebrarán el día 17, a las siete de la mañana hará su entrada la Banda de Música de Padrón Rosalía de Castro, que dirige don Benito Forján”.

*El Compostelano*, 18 de agosto de 1931: “Con motivo de las fiestas del Camino Nuevo (Santiago), participará en la velada la Banda de Música de Padrón”.

*El Eco Compostelano*, 7 de maio de 1924: “Terminada la conferencia ante un público numeroso de más de 2.000 personas, el señor Tello fue obsequiado con un lunch. Mientras, una Banda de Música de Padrón ejecutó bonitas partituras”.


*El Pueblo gallego*, 14 de setembro de 1933: “El próximo domingo se celebrará en la Esclavitud una grandiosa romería gallega, que será amenizada por una Banda de Música de Padrón y gaitas, con motivo de filmarse algunas escenas de la película “Alalá”. Si no hubiese niebla, durante la romería volarán sobre Esclavitud algunos aviones”.

*El pueblo gallego*, 12 de agosto de 1934: “La Banda de Música de Padrón amenizará las fiestas del Camino Nuevo”.

*El Compostelano*, 11 de agosto de 1934: “Para amenizar las fiestas que se celebrarán en el Camino Nuevo los días 15, 16 y 17 del corriente se contrató a la Banda de Música de Padrón”.

## Recoñecemento de servizos prestados a don Ramón Manuel Benito Forján Ojeros (1933)

Na sesión celebrada o 11 de xaneiro de 1933 acórdase acceder ao solicitado por don Ramón Manuel Benito Forján Ojeros, recoñecéndolle os servizos prestados como director da banda de música, que se contratou por esa Corporación Municipal para tódolos actos oficiais durante máis de trinta anos, a quen se lle expedirá o correspondente certificado en relación aos devanditos servizos para o seu ingreso no Corpo Técnico de Directores de Bandas de Música, creado pola Lei do 20 de decembro.



Actuación da Banda de Música nunha verbena celebrada na Praza de Macías, nas Festas da Pascua de 1936



Testemuño gráfico dun baile organizado na casa da fábrica de lampadas Iria, a principios do século XX

Banda de Música participando nun acto oficial do Concello



## Arraigada tradición festeira

Os numerosos festexos que se celebraban na parroquia de Santa María de Iria Flavia amenizábanos as Bandas de Música do Silleiro, de Carrandán ou de Benito Forxán.

Os músicos das diversas agrupacións tiñan que repartirse e desdobrarse para cubrir a demanda existente nos diferentes lugares e parroquias.

En Iria Flavia, o antigo Camiño Real (actual estrada N-550, fronte á Fundación Camilo José Cela) convertíase nun salón de baile e a afluencia de público facía que moitas veces o coche de liña que comunicaba Pontevedra con Santiago tivera que deterse por mor das celebracións. Pero isto non só acontecía en Iria Flavia, senón tamén en calquera dos diferentes lugares de Padrón, como recollía o escritor padronés don Manuel Barros na súa obra Apuntes de viaje. As bandas de música tocaban pezas musicais estranxeiras para bailar agarrados, que estaban de moda nos anos trinta ou corenta do século XX: valeses, polcas, fox-trot e tangos. Neste último baile era todo un experto o que posteriormente sería o noso Nobel de literatura, don Camilo José Cela<sup>10</sup>.



<sup>10</sup> García Domínguez, R, "Borobó". O novelo dos Anacos e outros exemplos (2000-2001) USC, 2002



A Banda de Música, trala imaxe do "Parrandeiro", pola Trabanca de Arriba, despois de rematada a romaría do Santiaguíño do Monte



Galiciana. Biblioteca dixital de Galicia  
Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)  
Arquivo do Reino de Galicia Colección fotográfica (Documento)  
1935-01-01 / 1945-12-31. ca. 1935-1945  
Números da Banda na Ponte Santiago

## O palco da música de Padrón (1915-?)

A tradición musical da vila precisaba dun palco de música. Na sesión plenaria celebrada o 4 de agosto de 1915, o concelleiro señor Ferreiro propón que na entrada á praza do Fiado (actual praciña de Camilo José Cela), xunto á fonte existente no lugar, se constrúa un macizo de terra cuberto de céspede, que, formando un octógono dun metro de altura e rodeado dun enreixado ou varanda, sirva para colocar a música nos días que esta amenice os paseos do Espolón. A construción realizouse baixo a inspección e a dirección da Comisión de Policía, da que o relator formaba parte. Na sesión supletoria do 16 de xullo de 1919 apróbanse as contas da construción do palco da música, que, xunto coa construción do quiosco do Espolón, supuxeron un custo de 235 pesetas de man de obra, ás que cumpría engadir-lles 88 pesetas de materiais.

No ano 1933 o Concello de Padrón e dona María Luísa Pérez Martel asinan un contrato de permuta, polo cal o Concello daralle á propietaria o terreo que ocupa o templete da música, na actual praza de Camilo José Cela, no que foi a antiga Peixería vella; á súa vez, dona Luísa Pérez Martel entregaralle ao Concello un terreo que posúe na actual praza Rodríguez Cobián para que se puidera construír o grupo escolar Rosalía de Castro.

Asinada a permuta, a nova propietaria presenta instancia no Concello para que este retire o templete da música e lle dea aliñación para pechar o terreo. A Corporación acordou en sesión plenaria o 26 de abril de 1933 que a instancia pasase a informe da Comisión de Policía Urbana e Rural, accedendo ao solicitado e aprobando o traslado do palco da música para a parte oeste do xardín botánico.

O palco retirárase do xardín na década entre 1960 e 1970, segundo nos conta don Manuel Vigo, integrante das Bandas de Carrandán, Beteta e Noya. Este palco só o empregaban, durante o día, na festividade de San Xoán do Raio; pola noite tocaban na praza de Macías.



Palco da música, de madeira, na praza de Macías c.1940 para unha actuación da banda de música. Este palco seguía o formato do de pedra, trasladado para o Xardín botánico histórico artístico

## Os locais de ensaio da Banda de Música Municipal de Padrón

A Banda Municipal de Padrón, ao longo da súa traxectoria, tivo diferentes locais de ensaio: nun primeiro momento foi na pranta baixa do concello, que actualmente ocupan os servizos administrativos, na parte que da á calexa que comunica a praza do Castro coa rúa Longa, todo ao longo do edificio. Posuía dúas portas: unha no frontal (rúa Longa) e outra na parte de atrás (praza do Castro).

Posteriormente, trasladaríase a un anexo ao colexio Rosalía de Castro, sito na praza Rodríguez Cobián.

Unha vez que se construíu o actual edificio de Servizos Sociais, pegado á igrexa parroquial, en 1996, habilítouse como local de ensaio o segundo andar destas dependencias.

## A Banda de Música de Padrón (1948-21/02/1949)

Director: don Higinio Cambeses Carrera



Nado no ano 1900 en Antas (A Lama) nunha familia humilde, posuía unha grande intelixencia e un carácter sensible e inestable, pero dotado dun talento innato para a música; aprendeu a executar e a compoñer de maneira autodidacta. Tocaba a maioría dos instrumentos da banda, aínda que destacaría especialmente polo dominio do bombardino.

En Antas funda en 1926 a Banda Celta e comeza a súa lenda como compositor, pois a maioría das pezas que toca a banda son súas. Unha en especial será moi famosa: "Ard'o eixo carballeira".

Dedícase á política. En marzo de 1931 publica o artigo "¡La aldea despierta!" e preséntase ás eleccións municipais como radical-socialista. Isto parece que ocasionou que a Banda de Música que dirixía non fose vista con bos ollos nos sectores dereitistas.

No mesmo ano 1931 ocúpase da dirección da Banda Agrupación Musical de Ordes, que acababa de crearse e, posteriormente, dá clases no Conservatorio de Viveiro e dirixe tamén a súa banda municipal. Nesta localidade sorpréndeo o alzamento de 1936. Detivérono por participar nunha comisión de axuda aos presos<sup>11</sup>. Higinio Cambeses mudou para Cuntis entre 1943 e 1948 e logo a Padrón, onde dirixiu a súa banda municipal e compuxo o seu derradeiro traballo: "Noches del Santo Cristo".

<sup>11</sup> Louro Justo, María Erundina. O Centro Documental de la Memoria Histórica de Salamanca custodia un suplicatorio de indulto para Hixinio, condenado polo Tribunal da Coruña en sentenza do 23 de decembro de 1941 a pagar duasetas cincuenta pesetas por "destacado izquierdista, desempeñando cargos locais e facendo propaganda". O indulto chegou en 1960, corenta anos despois da morte de Cambeses, cando a el xa non lle servía de nada. <http://pontevedraviva.com/opinion/1686/hixinio-carrera-cambeses-sancho-quixote/?lang=es>

A experiencia traumática de pasar polo cárcere acrecentou o empeoramento da súa saúde mental, causándolle depresións e desequilibrios. En Padrón agudizouse a súa enfermidade ata sufrir manía persecutoria. Un breve no ABC publicado en 22 de febreiro de 1949 relatava o acontecido en Cuntis:

"En Cuntis intentó poner fin a su vida el director de la Banda de Música de Padrón, D. Higinio Cambeses Carrera, que sufría manía persecutoria. Para llevar a cabo su propósito se dio un corte en el cuello y otro en un brazo y, al ver que no era bastante, se arrojó por una ventana de su domicilio, resultando en la caída tan sólo con la fractura del pie izquierdo. Trasladado al Hospital Provincial, fueron intervenidas sus lesiones y momentos más tarde el herido se arrolló una sábana al cuello y se ahorcó. El suicida era un excelente compositor de música, habiendo dirigido varias bandas en Galicia".

Higinio Cambeses escribiu máis de duasetas composicións musicais<sup>12</sup>. Incorporou á Banda de Música de Padrón, por vez primeira, unha sección de gaitas formada por catro gaiteiros.

## Actuacións da Banda de Música de Padrón nos xornais da época (1948)

La Noche, 5 de abril de 1948: "Con motivo de las fiestas de Conjo, actuación de Bandas de Cornetas y Tambores del Regimiento de Infantería de Zaragoza número 12 y la Banda de Música de Padrón".

<sup>12</sup> Ferreiro Boquete, Juan José. Historias de Ordes (e comarca). Blogspot. 24/01/2017



## A Banda de Música Municipal de Padrón

Director: don José Pena (1949)

Director: don Francisco Rodríguez (1950)

Clarinetista, só tivo unha saída como director da Banda de Música Municipal de Padrón: foi nas festas de Lampai dese mesmo ano.

Director: don Joaquín Montañés (1951-1954)

Joaquín Montañés Castellano (1916-1981), nado en Castellón, foi director e compositor de música para banda. Despois da Guerra Civil, exiliouse por razóns políticas e chegou a Galicia a principios dos anos 40. Director da Banda de Caldas de Reis, nos cinco anos seguintes (1950-1955) pasou por varias bandas de música, entre elas a de Padrón; finalmente instalouse en Castrelo (Cambados), onde dirixiu á súa banda desde 1955 ata a súa xubilación en 1974. Ademais de dirixir, o mestre Montañés desenvolveu unha importante actividade como compositor de música lixeira, que moi a miúdo editaba, ben baixo o seu nome ou baixo o pseudónimo Montanto.

Montañés foi compositor e arranxador de obras de xénero rapsódico, sobre aires populares galegos, que en calquera caso permanecen inéditas.

O pasodobre “Agárrate Saxo” é unha das pezas máis coñecidas do repertorio festeiro deste prolífico compositor. Este “pasodobre flamenco e de concerto”, como figura na portada da edición, editouse polo autor en 1971, conxuntamente co “pasodobre de concerto e toureiro” titulado “Con arte y salero”.

Nunha entrevista que lle fixo o correspondente do xornal santiagués *La Noche*, en data de 21 de setembro de 1953 con motivo das festas da Pobra do Caramiñal, e respostando á pregunta de qué clase de música lle gustaba executar, a resposta que lle da don Joaquín foi a seguinte:

*“Como estoy en Galicia, el folclore gallego es el de mi predilección y procuro en todas mis actuaciones recoger la interpretación de la música de esta simpática región. Mi banda tiene por este motivo una sección de gaitas acoplada al conjunto con el objeto de realzar el espíritu de la música gallega”.*

O correspondente continuou preguntándolle:

*“¿Cuáles son los autores gallegos para usted más destacados?”*

A resposta de don Joaquín foi a seguinte:

*“Del Río y después Freire, Cambeses, Montes y otros. No me gusta la música moderna, pero las exigencias de determinado sector de los públicos, me obligan a interpretarla aún en contra de mi voluntad...”*

*Muchas gracias don Joaquín, ¿Quiere usted decirnos algo más?*

*Que estoy muy contento en Galicia y de un modo particular en Padrón”.*



Director: Joaquín Montañés. Sección de Gaitas: de esquerda á dereita: descoñecido, Ramiro, descoñecido, Albino, caixas : Juan Castro San Pedro “Uchas”, Jesús Fernández “Picadizo”



## A Banda de Música Municipal de Padrón

Director: don Tomás Beteta Yarza (1954 a 1979)

Don Tomás Beteta, nado en Tolosa (San Sebastián), por razóns familiares trasladouse moi rapaz a Rentería, onde se formaría musicalmente. Con catorce anos xa formaba parte da banda de música desta localidade. Aos dezasete anos obtivo mediante oposición praza de requinto solista na Banda Municipal de Irún. Formou parte da Banda do Sindicato do Espectáculo de San Sebastián, dirixida por don Ramón González Bastida. En 1943 ingresou como requinto na Banda Municipal de Santiago de Compostela, participando ao mesmo tempo na Banda do Rexemento de Zaragoza con gornición en Santiago de Compostela durante tres anos. Posteriormente dirixiu as bandas de Bragaña, Silleda e Cuntis e, a partir de 1954, a Banda de Música Municipal de Padrón durante 25 anos.

Para mercar os timbais da Banda de Música Municipal de Padrón, en 1959 os responsables da peleteira padronesa Picusa adiantaron os cartos, como contraprestación a banda tiña que actuar na festividade de San Bartolomeu<sup>13</sup>, patrón da empresa, e naqueles actos nos que fora demandada a súa presenza<sup>14</sup>.

En palabras do padronés Virgilio Pajares: “Desde a incorporación de don Tomás Beteta á Banda de Música de Padrón, conferiulle un verdadeiro sentido técnico do que antes carecía, pois non pasaba de ser unha agrupación de afeccionados puramente rural; agora, en cambio, nos seus membros hai unha disciplina que afecta sobre todo á posesión de axeitados coñecementos musicais e todo isto é obra do seu director”<sup>15</sup>.

<sup>13</sup>San Bartolomeu é o patrono dos que traballan as peles e os coiros. A súa festividade celébrase o 24 de agosto. A festa da empresa Picusa celebrábase nas instalacións da empresa e posteriormente no xardín botánico histórico artístico de Padrón.

<sup>14</sup>Don Manuel Vigo, músico padronés

<sup>15</sup>Jesús Oficialdegui Ruíz: Tomas Beteta Yarza, de Rentería a Padrón pasando por Santiago. Revista Oarso, Ayuntamiento de Erreñería, 2015



Banda Municipal de Padrón en 1955. Director, don Tomás Beteta Yarza. O cuarto da ringleira de abaixo pola dereita é don Ernesto Beteta Garmendia (fruta traveseira), a quen en febreiro de 1996 nomearano director da Banda Municipal Rosalía de Castro de Padrón; en xaneiro de 1997 dimitiu por problemas de saúde



**Integrantes da Banda Municipal de Padrón:** Primeira ringleira de esquerda á dereita: Celestino Vigo Garabal, Ramón Calvo Pérez “Angueiro”, Agustín Lapido, Francisco Solla, don Tomás Beteta Yarza (director), Don Juan Vigo “Carrandán” (subdirector), Juan Castro Sampedro “Uchas”, Jesús Fernández “Picadizo”, Vilachán (gaitero). Segunda ringleira: Campelo (Aguasantas). Segunda ringleira, de esquerda á dereita: José Janeiro, Muiñeiro, Pepe Pereiro, (), Paco (Iglesias?), Paco, José Moreiras “Baldras”, Manuel Vigo, Jesús “O coco”, Albino (gaitero), Ramiro (gaitero). Terceira ringleira, de esquerda á dereita: Papainito, Eduardo Garabal, Xurelo, (), Ernesto, José, Pepe “O Muiñeiro”, Maximino, José (Cordeiro), Ramón González “Topete”, Pachano. Ringleira superior, de esquerda á dereita: Jesús Lapido (O fruta), Juan Janeiro, Miguel Beteta Garmendia ( clarinete) , (), () Alberto, Ernesto, Moncho, Alberto, Agra, (), Enrique e Manolo “Conexo”

Os compeñentes da banda manifestaban con satisfacción que don Tomás era “media banda”. Sempre ensaiando partituras novas, se á primeira non saía, ao segundo intento a cousa poñíase seria e rara era vez que non se acadaba o obxectivo.

Había unha comunión entre un director profesional convencido do que facía, serio, traballador e entregado rigurosamente aos seus músicos. Esa química especial logrará os seus froitos cun traballo ben feito e acadando o primeiro premio no Certame de Bandas de Música organizado polo Concello de Vigo en 1962; naquel momento era subdirector da banda o señor don Juan Vigo Garabal “Carrandán”. A banda posuía ademais un amplo repertorio, de aí que fose tan demandada a súa presenza en tódolos tipos de actos musicais.

Deste xeito informaba o xornal *La Noche* o luns 6 de agosto de 1962 do triunfo da Banda Municipal de Padrón no certame musical de Vigo<sup>16</sup>.



<sup>16</sup> Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia. Diario *La Noche*, 6 de agosto de 1982

## A banda de música nas actas plenarias

O Concello colaborará de xeito directo no financiamento da banda de música mediante a formalización de contratos de carácter anual; entregaríanselles aos músicos uniformes novos cada catro anos e pantalón e camisa branca cada dous. Sirva como exemplo o formalizado coa Alcaldía o 4 de marzo de 1968: a súa duración contraíase para o exercicio económico corrente, existía consignación específica no orzamento para o pagamento de tódalas actuacións que realizase a banda nos actos oficiais nos que participase a Corporación. O Concello comprometéase a colaborar co sostemento económico da agrupación mediante a sinatura de convenios de carácter anual por actuacións, satisfacendo os custos que se derivasen da súa execución.

Na sesión do 22 de febreiro de 1972, baixo a presidencia do alcalde don Ramón Pazos Sierra, concedéuselle unha subvención á Banda de Música Municipal de Padrón para gastos de hotel de músicos por importe de 1.500 pesetas.

No pleno do 13 abril de 1973, baixo a presidencia do alcalde don Ramón Pazos Sierra, formalizouse un contrato co director da Banda de Música Municipal de Padrón por actuacións en actos oficiais.

Na sesión do 25 de marzo de 1974, baixo a presidencia do alcalde don José Ferrón Martínez, formalizouse un contrato coa Banda de Música Municipal de Padrón por importe de 120.000 ptas.

No pleno do 20 de febreiro de 1975, baixo a presidencia do alcalde don José Ferrón Martínez, formalizouse contrato co director da Banda de Música Municipal de Padrón.

Na sesión do 12 de febreiro de 1976, baixo a presidencia do alcalde don José Ferrón Martínez, concedéuselle unha subvención á Agrupación Musical de Padrón.

## Actuacións da Banda de Música Municipal de Padrón nos xornais da época (1956-1969)

A banda de música financiarase coas numerosas actuacións que realizará pola xeografía galega, en compañía doutras bandas de música e incluso de orquestras, o que nos dá unha idea do amplo repertorio que tiña. Ademais de interpretar música, a banda municipal levaba o nome do noso municipio por tódolos currunchos da xeografía. Sirva como exemplo este resumo de actuacións que se recollen nos medios de comunicación:

No xornal *La Noche* de Santiago de Compostela, de data do 31 de marzo de 1956, publícase un artigo baixo o título “La Banda Municipal de Música”. O correspondente do xornal escribía o seguinte: “Padrón tiene gran tradición musical de bandas. Durante nuestra visita a la simpática villa padronesa, hemos tenido ocasión de charlar unos instantes con don Tomás Beteta Yarza, director de la recientemente bajo su batuta con la colaboración decidida y entusiasta de la Corporación Municipal y en particular del alcalde, don Ramón Pazos Giménez se creó, a base de la fusión, de las dos ya existentes. El nuevo conjunto musical hará su aparición en público con motivo de las actuales fiestas de Pascua, ascendiendo a cincuenta el total de sus componentes y se sostendrá a base de los contratos que surjan en cuantas fiestas soliciten sus servicios y con la ayuda de una modesta subvención municipal.

Cuenta la banda con una sección de gaitas y sus números correctamente uniformados bajo las órdenes del sr. Beteta Yarza, que ya cosechó espléndidos laureles en otros lugares de donde procede: Cuntis y Silleda, entre otros.

Ofrecerá a sus oyentes un variado repertorio de obras de concierto, como oberturas, zarzuelas y fantasías, incluyendo a su vez un selecto programa de música ligera, con preponderancia de la música tradicional española.

Tuvimos ocasión de presenciar uno de sus ensayos y pudimos apreciar la perfecta compenetración musical, afinación y gran sensibilidad artística del conjunto, recogiendo gustosos en nuestras páginas ese espléndido alborecer musical de Padrón, que gracias al municipio dinámico y el celo de su alcalde y sólida formación musical de su director, hará conocer por toda Galicia a esa agrupación”.

*La Noche*, 18 agosto de 1956: “Actuación de la Banda de Música de Padrón en las fiestas de Laraño”.

*La Noche*, 31 de agosto de 1957: “Con motivo de las fiestas del Carmen en Cesures. El día 1 domingo, alboradas a cargo de la Banda de Música de Padrón. A las dos de la tarde, concierto de música española de la Banda de Música de Padrón dirigida por el profesor don Tomás Beteta Yarza”.

*El Pueblo Gallego*, 3 de xullo de 1959: “Fiestas en Puentecaldelas de la patrona Santísima Trinidad. Actuará la Banda Municipal de Padrón con su magnífica sección de gaitas gallegas, que tanto ha gustado aquí en nuestras fiestas patronales”.

*El Pueblo Gallego*, 11 de setembro de 1959: “Romería de Nuestra Sra. de la Esclavitud. La fiesta profana estuvo a cargo de la magnífica Banda Municipal de Padrón”.

*El Pueblo Gallego*, 4 de abril de 1964: “Programa de las fiestas de Tuy. Procesión y música de baile hasta la madrugada con la intervención de la Banda de Música de Padrón y la orquesta Florida”.

*El Pueblo Gallego*, 7 de agosto de 1964: “Fiestas de San Roque. Vilagarcía de Arousa. También habrá iluminación y está contratada la Banda de Música de Padrón con su grupo de gaitas”.

*El Pueblo Gallego*, 6 de setembro de 1964: “Fiestas de Villanueva de Arosa. Satélites, Novedades, Nueva Krazzy y Krazy kray, con ellas, la Banda de Música de Padrón y el conjunto enxebre “Os Campaneiros”.

Hoja oficial del lunes. 7 de decembro de 1964: “Con motivo de las fiestas en la parroquia de Geve. Santa María de Geve a las doce del día y diversos actos de esparcimiento popular, los cuales se iniciarán hoy amenizados por la Banda de Música de Padrón y otros conjuntos musicales”.

*El Pueblo Gallego*, 8 de decembro de 1964: “Brillante actuación ayer de Banda Municipal de Padrón en Sta. María de Geve”.

*El Pueblo Gallego*, 1 de agosto de 1965: “Programa de fiestas de Sta. Eugenia de Riveira. El día 4 alboradas a cargo de la Banda de Música de Padrón. Desde las 8 actuará en la plaza de Otero Goya la Banda



Municipal de Padrón, alternándose con la orquesta internacional López Malde de El Ferrol”.

*El Pueblo Gallego*, 3 de agosto de 1965: “Fiestas de la Guardia, día grande domingo 8. La Banda Municipal de Padrón con su grupo de gaitas y la de Tabagón recorrerán las principales calles de esta villa tocando alegres pasodobles en compañía de los grupos de gaitas y treboadas. La Banda de Música de Padrón tocará en la Alameda lo mejor de su repertorio para seguir durante la misma hasta las diez de la noche, interpretando exclusivamente obras de concierto. A las once, tercera y última gran verbena amenizada por las bandas de música de Tabagón y Padrón”.

*El Pueblo Gallego*, 18 de agosto de 1966: “Fiestas Caldas Reyes. A las 10 horas alboradas y a las 13 horas concierto en el Parque Jardín”.

*El Pueblo gallego*, 3 de marzo de 1967: “Fiestas de San Marcos en Noya. La Banda de Música de Padrón amenizará una fiesta popular que habrá de desarrollarse después del encuentro de fútbol Tenerife y Club de Fútbol Oviedo. Acompañada de la orquesta “Los Platinos” de La Coruña”.

*El Pueblo Gallego*, 12 de xullo de 1967: “Fiestas del Carmen, en O Grove. Día 15 actuación de la Banda de Música Padrón y grupos de gaiteros “Os de Marín” y “Os Carballeiras”.

*El Pueblo Gallego*, 11 de agosto de 1968: “Fiesta en Villagarcía. Lunes. Dianas y alboradas a las 9 de la mañana por la Banda de Música Padrón y el grupo de gaitas Airiños das Rías Baixas. A las 12, concierto en la Alameda por la Banda de Música de Padrón con su grupo de gaitas. As las 11 de la noche, concierto en la alameda de la Banda de Música de Padrón”.

*El Pueblo Gallego*, 13 de agosto de 1968: “Fiestas de Villagarcía. A las 11 concierto en la Alameda por la Banda de Música de Padrón”.

*El Pueblo Gallego*, 6 de agosto de 1969: “Fiestas patronales de Villagarcía. Domingo 17 a las diez, dianas y alboradas por la Banda de Música de Padrón y grupo de gaitas de la Academia Municipal. A las doce y media concierto en la alameda por la Banda de Música de Padrón. A las 10:30 horas, en la Alameda, concierto por la Banda Municipal de Padrón”.



Don Tomás Beteta Yarza, director da Banda de Música Municipal de Padrón, e o seu fillo, don Ernesto Beteta Garmendia, director da Banda de Música de Silleda (Pontevedra)



Don Tomás Beteta, dirixindo a Municipal de Padrón, nun concerto en Riveira (Foto: Lesmes / Facilitada por F. Beteta)

## A Banda de Música Municipal de Padrón (1982- 1992)

Director: don Ricardo Noya Vidal

Nado no Concello de Trazo, de moi rapaz trasladouse a Santiago de Compostela, onde cursou estudos de música co mestre don José Gutiérrez, naquel momento director da Banda Municipal de Santiago. Formou parte da Banda de Roxos, da Banda do Exército en Pontevedra, das orquestras La Hispania e La Compostela. Logo da desaparición da Banda Militar de Santiago marchou para Madrid, ingresou no corpo de músicos militares e trasladouse despois a Ceuta, en 1971, como músico militar.

Ao mesmo tempo que participaba en diversos festivais percorrendo toda a Península coa súa orquestra, era tamén músico titular dos teatros La Zarzuela e La Latina, en Madrid, onde actuaban Lina Morgan e Navarro. De volta a Galicia, en 1982 foi nomeado director da Banda de Música Municipal de Padrón.

Foi, así mesmo, fundador da Escola Municipal de Música, a primeira EMUS que comezou a funcionar en Galicia, co obxectivo de fomentar as ensinanzas musicais en tódolos ámbitos a partir dunha boa base, coa que formar números para a súa banda de música.



Don Ricardo Noya, dirixindo a Banda de Música de Padrón nunha actuación na praza de Macías arredor de 1988. Foto: Mon Beiró c. 1988



Foto: Mon Beiró, c. 1988



**Integrantes da Banda Municipal de Padrón:** Primeira ringleira de enriba, de esquerda á dereita: Susy, Carlos Pardal, Belén, (), Lucho, Ana, Mari Fe, Miguel, Andrés, Sonia, Gómez e Félix. Segunda ringleira, de esquerda á dereita: Roberto Verde, Juan, Manolo, Jose, Luis, Freire, Horacio, (), () e Manuel Sobral. Terceira ringleira, de esquerda á dereita: Diego, Monchito, Pedreira, Víctor, Pablo Castaño, Castillo, Ernesto, Vilachán e Cesqueiras. Ringleira de abaixo: Pepe, Angueiro, Barral, Ricardo Noya, Marcos e Julio. Faltan na foto: Genita e Víctor

### Unha etapa problemática (1994-1996). Conflito na Banda de Música Municipal de Padrón (1994)

A finais de 1994, a maioría dos músicos da banda, por acentuadas discrepancias, pediron a substitución do director, don Ricardo Noya Vidal. Dos corenta e dous músicos que integraban a formación, trinta e sete querían a destitución, á que se se opuxo o goberno municipal, alegando que tiña que quedar un ano máis, postura que non aceptaron os músicos. Estes pediron a axuda da Federación Galega de Bandas, que atopou os estatutos da banda, que databan de 1987; comprobouse que os estatutos posuían un fallo administrativo ao careceren de selo, polo que a formación podía facerse independente do Concello.

Desde ese momento, a relación da banda co Concello cinguiuse a un convenio no que se estipulaba que a cambio de certas actuacións, a Administración Local aboaría unha cantidade e encargárase do equipamento dos músicos, facéndolles traxes cada catro anos, e facilitaríalles un local de ensaio.

O convenio denunciouse en maio de 1995, cando a banda se negou a tocar nunha actuación como medida de presión. O Concello entendeu que a dirección e os compoñentes da banda non querían ter máis relación coa administración.

En setembro de 1995 concreouse unha reunión co goberno municipal na que os músicos da banda reclamaron asinar o convenio de novo, despois de que se lles aboara o que se lles debía para pagarlle a un director, pero non se chegou a acordo entre as partes.

### Coexistencia de dúas bandas: a Banda de Música Municipal de Padrón e a Banda da Escola de Música (1994-2001)

En maio de 1996, o Concello saca a concurso unha praza de director da EMUS, que obterá don Ernesto Beteta Garmendia, quen formará a Banda da Escola de Música.

Os trinta e cinco integrantes da formación Banda de Música Municipal de Padrón coexistirán a partir de agora coa Banda da EMUS<sup>17</sup>.

<sup>17</sup> LVG , mércores 23 abril de 1997. Secc: Comarcas. Pax. 53



## A Banda de Música Municipal de Padrón (1995-2000)

Director: don Carlos Seráns Olveira (Riveira, 1962)

Carlos Seráns Olveira, tuba solista da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e do Grupo de Metais de Galicia, foi un director circunstancial, que de xeito altruísta encargouse da dirección da agrupación de carácter cultural Banda de Música Municipal de Padrón en 1995.

A banda obtén o primeiro premio no Certame de Bandas de Música Galimusic da Estrada. A partir desta data, os problemas co equipo de goberno do Concello fanse manifestos e a banda, logo dun pechamento na antiga escola unitaria de Iria Flavia, da que foi desaloxada, cesará na actividade no ano 2001, desaparecendo como agrupación.



## A Banda da Escola de Música Rosalía de Castro (febreiro 1996-xaneiro 1997)

Director: don Ernesto Beteta Garmendia

Don Ernesto Beteta foi director da Banda de Silleda durante os anos 1960 e 1964, unha década despois de que o fixera o seu pai, don Tomás Beteta Yarza.

De 1993 a 1997 nomeárono director da Banda de Música de Santa Úrsula, en Tenerife, onde deixou unha fonda pegada como director musical polo labor realizado. Tocaba a frauta, entre outros instrumentos. Foi fundador de "Los Sabandeños".

En maio de 1995 nomeárono profesor e director da EMUS<sup>18</sup>. O 16 de febreiro de 1996, o goberno municipal nomeouno en Xunta de Goberno Local director da Banda Municipal Rosalía de Castro e da EMUS<sup>19</sup>. Ocupará o cargo desde xaneiro de 1997 ata decembro dese mesmo ano. Debido a problemas de saúde, viuse na obriga de abandonar.



<sup>18</sup>LVG, martes 18 novembro de 1997. Secc: Santiago, páxina 47

<sup>19</sup>Xornal La Voz de Galicia, sábado 17 febreiro de 1996. Sección: Comarcas, páx. 43



**Integrantes da Banda Municipal de Padrón:** empezando pola ringleira de abaixo, de esquerda a dereita: Manuel Villar Touceda, trompeta (Valga); Diego García Morales, saxofón tenor (Dodro); Juan Carlos Losada Río, fliscorno (Valga); Beatriz Rivas Álvarez, trompa (Padrón); Sonia Rodríguez Pardal, clarinete (Lestrobe); Genita Blanco Barreiro, saxofón tenor (Padrón); Raquel, frauta (Taragoña); ( ) oboe (Noia); Tania Álvarez Meda, clarinete (Estramundi); Víctor Romero Vitorro, clarinete (Dodro). Segunda ringleira: Pablo Castaño, saxofón alto (Dodro); Juan, trombón (Rois); M.ª Jesús Rey Gens, clarinete (Rois); Yolanda, clarinete (Catoira); Miguel González Martínez, clarinete (Estramundi); Carlos Seráns Olveira, director; Jorge, requinto (Taragoña); Xavi, saxofón (Catoira); Dani, percusión (Catoira), actualmente na Banda de Música de Santiago; Carlos Figueira Abuín, bombardino (Rianxo), actual director da Banda de Música de Catoira. Terceira ringleira: Juan, trombón (Rois); Anxo Sieira, clarinete (Taragoña); Carlos Pardal Nieto (Estramundi); Moncho, percusión (Rianxo); Roberto, percusión (Rianxo); Tarrío, trombón (Taragoña); Andrés Figueroa Iglesias, clarinete (Estramundi); María Sendón, clarinete (Catoira); Rafael Collazo, saxofón alto (Rianxo), actual director da Banda de Rianxo. Cuarta ringleira: Roberto Verde, fliscorno, actualmente na Banda Municipal da Coruña; Roberto Figueira Abuín, bombardino (Rianxo); Luciano, trombón (Salceda de Caselas); Óscar, tuba (Catoira); Iván Carreira González, trombón (Catoira); Luis, percusión (Taragoña); e Rubén, trombón (Taragoña)

## A Banda da Escola de Música Rosalía de Castro

Director: don Manuel Ángel Sobral Rial (1997-2008)

Natural da parroquia de Taragoña (Rianxo), onde comezou a súa andadura musical tocando o bombardino na Banda Infantil de Taragoña, realizou estudos de bombardino e trombón no Conservatorio de Música de Santiago, onde acadou o título superior nas dúas especialidades no curso 1997-1998.

En decembro de 1997 faise cargo da dirección da banda e realiza a primeira actuación en 1998. Ao longo dos anos de existencia, realizou actuacións por toda a comunidade, intercambios culturais e intercambios con outras bandas de música, e organizou o I Festival de Bandas da Vila de Padrón, que se segue a celebrar cada ano coincidindo co domingo de Pascuiña.

A banda contaba coa colaboración da EMUS, onde sete profesores se encargaban de formar musicalmente o alumnado. A agrupación impartiu clases nas parroquias de todo o concello, dentro do proxecto “Música na casa”.



Banda Municipal Rosalía de Castro, no Auditorio da Fundación Pública Camilo José Cela (Iria Flavia)



**Integrantes da Banda Municipal Rosalía de Castro.** Comezando pola ringleira de abaixo, da dereita á esquerda: don Manuel A. Sobral (director), Xurxo Freiría (saxo tenor), Óscar Buceta (percusión), Pablo Bello (percusión), Samuel Busto (saxo soprano), Pablo Rodríguez (clarinete), Carlota (clarinete), Xiana Carbia (clarinete), Rafa Figueroa (trompeta), Antonio Carlés (saxo alto), M<sup>a</sup> del Carmen Figueroa (clarinete), Patricia Mosquera (frouta traveseira), Breixo Carbia (saxo alto), Ramón Angueiro (tuba) e José Piñeiro (clarinete). Segunda ringleira, de esquerda a dereita: Ramón Vicente (trompeta), Jaime (fliscorno), Fran (trombón), Silverio Blanco (trompeta), Roberto (trompeta), Víctor (tuba), Juan Carlos Cardama (saxo alto), Rubén (saxo alto), Fabián Sanmarco (trombón), Daniel Otero (trompa), Iván Veiga (percusión), José Antonio Patiño (saxo tenor), Lois Brea (saxo tenor), M<sup>a</sup> del Carmen Camoiras (clarinete), David (percusión), Diego Bello (saxo alto), Cristina (frouta traveseira), Enríque (trombón) e Alberto (bombardino)



Don Manuel Sobral Rial, director da Banda de Música Infantil da EMUS, nunha actuación no auditorio padronés no ano 2007

## A Banda de Música Municipal de Padrón

Director: don Braulio Cao Ledo  
(agosto 2008-ata a actualidade)

Braulio Cao Ledo, nado en 1977 en Hannover (Alemaña), obtivo o título superior de profesor de clarinete no Conservatorio Superior de Santiago Compostela. Impartiu clases nas EMUS de Forcarei, Bandeira, Santa Cruz de Rivadulla e Vila de Cruces. Foi director da Banda Recreativa de Bandeira de 2000 a 2007. Desde o ano 2003 forma parte do cadro de mestres da Banda Municipal de Santiago, onde ocupa o posto de clarinetista.

A terceira etapa da Banda de Música Municipal de Padrón iníciase o martes da Guadalupe de 2008, día que se dedica a Padrón nas festas patronais de Rianxo.

O primeiro concerto celébrase o sábado 13 de decembro de 2008 no auditorio de Padrón.

Nestes nove anos transcorridos, a banda vai da man da EMUS e converteuse nun auténtico viveiro de músicos que empeza a dar os seus froitos, como o acadado o 21 de novembro de 2015, cando resultou gañadora do IX Certame Galego de Bandas de Música en Santiago de Compostela. As súas actuacións espalláronse por diferentes localidades de Galicia, levando o nome do noso municipio alá onde actúa, o que constitúe un motivo de orgullo e satisfacción para o mantemento da cultura musical destas Terras de Iria.



Foto da Banda de Música Municipal de Padrón no certame galego de Bandas de Música (xornal LVG 23/11/2015)



**Integrantes da Banda Municipal de Padrón.** Clarinetes: José, Lúa, Fabián, Clara, Carlos, Candela, Mari Fe, Raúl, Mario e Andrés. Frauta: Jonathan, Carla e Rosalía. Óboes: Carlota e Raquel. Saxos: Ángel, Carla, Marcos, Anne e Ismael. Bombardino: Rubén. Trompas: Blanca, Nuria e Dani. Trompetas: José Manuel, Ramón e Raúl. Trombóns: Roberto, Juan e Álvaro. Tubas: Franqueiro e Gabriel. Percusión: Jaime, Ánxela, Juan José, Iván e Ernesto



Banda de Música Municipal de Padrón



## Liñas de investigación

Na realización deste traballo empregáronse diferentes liñas de investigación: fontes bibliográficas, documentación do Arquivo Histórico Municipal de Padrón, fontes hemerográficas e un traballo de campo no que quero salientar a colaboración da veciñanza, aportándome información e fotografías que ilustran a publicación. Recolléronse fontes orais de músicos que pertenceron ás diversas agrupacións que se citan, o que me permitiu identificar á maior parte dos integrantes das formacións musicais, algo que doutro xeito sería imposible.

Esta publicación é un punto e seguido na recuperación da memoria histórica musical das Terras de Iria, unha pequena homenaxe a tódolos músicos e persoas que fixeron e fan posible que o son do pobo perdure de xeración en xeración. Como homenaxe a eles, cedo tódolos dereitos deste traballo de investigación ao Excmo. Concello de Padrón, porque ninguén mellor que a Administración Local para ser a depositaria da memoria historia musical do municipio.

## Recoñecemento a tódolos músicos

Recoñecemento e homenaxe sinxela ás lembranzas daqueles tempos idos e á memoria e ao presente da música do meu pobo, dos que a fixeron posible, mantendo as raizames en tempos difíciles nos que resistiu a cultura pola entrega e afección de tantas persoas sensibles e amantes das notas do pentagrama.

Un recoñecemento aos que proseguen o labor e tamén por adiantado aos que virán para continuo.

Como afeccionado á música de bandas tiña unha débeda coa memoria musical. Quero render tributo a tódolos que contribuídes e facedes posible que se transmitira a paixón e o gusto pola música; persoas individuais, familias e xeracións de músicos espallados polos catro costados destas Terras de Iria, coñecidos por apelativos, signos identitarios de profesionais que con dignidade e moito esforzo se dedicaban e dedican á música, compaxinándoa coas súas actividades laborais. Lembranza dos músicos de Lestrobe: Os Silleiros, Os Carrandáns, Os Xaneiros, Os Picadizo, Os Coco, Os Moreiras, o sr. José Moreiras “Baldras” (q.e.p.d), o dodrense don Ramón Calvo Pérez “O Angueiro”, toda unha vida entregado á música con diferentes agrupacións, e de moitos outros que a bo seguro quedaranse no tinteiro e que con anterioridade lles precederon. Lembranza para os de Padrón e Iria: os Forxáns, os Topete, os Relueiros, os da Rega, os Cagallos, os Mariños en Estramundi e moitos máis, a tódolos que individualmente fixéchedes posible que siga a manterse o son do pobo. Grazas polo voso labor.

A impronta é sementeira. Longa vida á nosa Banda de Música!

# Bibliografía

## XERAL

AHM. Libros de Actas sesións plenarias. Sesións:

8/06/1891, 09/08/1891, 16/05/1892, 20/06/1892, 7/09/1932, 11/01/1933, 24/02/1932, 22/05/1933, 04/03/1968

GARCÍA DOMÍNGUEZ, R. (Borobó). O novelo dos anacos e outros exemplos. USC Santiago de Compostela 2002.

IGLESIAS ALVARELLOS, E.: Bandas de Música de Galicia. Editorial: Alvarellos Editora Técnica, 2006

MUÑOS DE FERRO, J.: Historia Musical Padronesa. Libro Pascua, abril 1974

OFICIALDEGUI RUIZ, JESUS.: Tomas Beteta Yarza de Rentería a Padrón pasando por Santiago. Revista Oarso, ayuntamiento de Erretería 2015

## FONTES HEMEROGRÁFICAS

Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia  
<http://biblioteca.galiciana.gal/es/inicio/inicio.cmd>

Pontevedra Viva, diario electrónico de información general de Pontevedra y su comarca.  
<http://pontevedraviva.com/opinion/1686/hixinio-carrera-cambeses-sancho-quixote/?lang=es>

## IMPRESAS

ABC; Madrid, diario (22 febrero de 1949)

Diario de Galicia; Santiago, diario (1908-1930) (8 agosto de 1915)

Diario de Galicia; Santiago, diario (1908-1930) (19 setembro de 1916)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920), (4 xuño de 1924)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (25 abril de 1927)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (4 xuño de 1927)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (16 xuño de 1928)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (16 xuño de 1928)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (18 agosto de 1931)

El Compostelano; Santiago, diario (1918-1920) (11 agosto de 1934).

El Correo Gallego; Ferrol, diario (1878-?). (19 setembro 1905)

El Correo de Galicia; Santiago, diario (1897-1898) (13 agosto de 1909)

El Correo de Galicia; Santiago, diario (1897-1898) (17 agosto de 1909)

El Correo de Galicia; Santiago, diario (1897-1898) (29 xullo de 1928)

El Eco de Santiago; Santiago, diario (1897-1898) (7 maio de 1924)

El Heraldo Gallego (5 xuño de 1927). Núm. 710

El Ideal Gallego; A Coruña, diario (1921) (5 xullo de 1921)

El Ideal Gallego; A Coruña, diario (1921) (8 agosto de 1924)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (2 setembro de 1927)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (14 setembro de 1933)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (12 agosto de 1934)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (15 xullo de 1953)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (3 xullo de 1959)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (11 setembro de 1959)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (4 abril de 1964)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (7 agosto de 1964)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (6 setembro de 1964)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (8 decembro de 1964)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (1 agosto de 1965)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (3 agosto de 1965)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (14 agosto de 1966)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (3 marzo de 1967)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (12 xullo de 1967)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (11 agosto de 1968)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (13 agosto de 1968)

El Pueblo Gallego; Vigo, diario (1920-1946) (6 agosto de 1969)

Gaceta de Galicia; Santiago, diario (1879-1881) (22 setembro de 1889)

Gaceta de Galicia; Santiago, diario (1879-1881) (8 xullo de 1904)

Gaceta de Galicia; Santiago, diario (1879-1881) (23 marzo de 1917)

Hoja del lunes (7 decembro de 1964)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (6 de agosto de 1982)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (5 abril de 1948)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (5 setembro de 1953)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (21 setembro de 1953)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (31 marzo de 1956)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (18 agosto de 1956)

La Noche; Santiago, diario (1946-1967) (31 agosto de 1957)

La Voz de Galicia; A Coruña, diario (1882- ?) (23 abril de 1997)

La Voz de Galicia; A Coruña, diario (1882- ?) (18 novembro de 1997).

**FONDO FOTOGRÁFICO**

Anónimo (compoñentes banda de Víctor González)  
 Anónimo (compoñentes bandade Forxán)  
 Beiró, Mon ( fotos b/n Director don Ricardo Noya Vidal)  
 Beteta Garmendia, F. ( fotos don Tomás Beteta)  
 Beteta Garmendia, F. (foto don Ernestol Beteta)  
 Beteta Garmendia, F. (foto Banda Municipal de Padrón 1955)  
 Cabo Rey, J. (q.e.p.d) ( foto Banda actuando praza Macías, 1936)  
 Cabo Rey, J (q.e.p.d) (foto Banda acompañando ao Parrandeiro)  
 Castaño Solar, Fernando (Foto de portada Banda de Padrón nos penedos do Santiaguíño)  
 Castaño Solar, Fernando (Foto da Banda do Carrandán no lugar de Lestrobe)  
 Figueroa Rial, Rafael (foto Banda Rosalía de Castro no auditorio da Fundación CJC)  
 Ferreiro Boquete, J.J. blogspot (foto don Higinio Cambeses).  
 Fondo Banda de Música Municipal de Padrón. Foto banda don Carlos Seráns Olveira  
 Fondo Banda de Música Municipal de Padrón,actuación IX Certame Bandas Musica (LVG)  
 Foto Banda de Música Municipal de Padrón, director don Ricardo Noya  
 Fondo Banda de Música Municipal de Padrón (naturais de Lestrobe na Banda de Padrón)  
 Fondo Banda de Música Municipal de Padrón ( Banda don Joaquín Montañés)  
 Galiciana. Biblioteca dixital de Galicia. Arquivo do Reino de Galicia Colección fotográfica (Números da Banda na Ponte Santiago) 1935-01-01 / 1945-12-31. ca. 1935-1945  
 Moreiras, Amalia (Banda Silleiro)  
 Moreiras, Amalia (Banda Carrandán)  
 Rodríguez Carbia, E. Foto banda EMUS  
 Rodríguez Magariños, Lucía (Foto Rodríguez Carbia, J. banda Beteta 1959)

## Agradecementos

Ao Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Padrón, don Antonio Fernández Angueira, e á concelleira de Cultura, dona Lorena Couso Dopazo, pola receptividade amosada en todo momento cara este proxecto e por facer posible a súa publicación.

Moitas grazas ás persoas que se citan deseguido por colaborar altruistamente aportándome datos, información e fotografías que se reflicten nestas páxinas.

Amalia Moreiras  
 Antonio Fernández Muñiz  
 Carlos Pardal Nieto  
 Dolores Saco Vigo  
 Eugenio Janeiro  
 Fernando Beteta Garmendia  
 Fernando Castaño Solar  
 Genita Blanco Barreiro  
 José Otero Tembra  
 Lucía Rodríguez Magariños  
 Manuel Vigo  
 M<sup>ª</sup>. Dolores Ramos García  
 Ramón Beiró Martínez (Mon Beiró)  
 Rafael Figueroa Rial  
 Ramón Calvo Pérez (Angueiro)  
 Uxía López Rodríguez

**Corrección lingüística:** Ricardo Pita Fernández





